

## A poesía no sifate de 2004

**Helena González Fernández**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2004]). “A poesía no sifate de 2004”.  
*Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 152-159. Reedición  
en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1054>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2004). “A poesía no sifate de 2004”. *Anua-  
rio Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 152-159.

\* Edición dispoñíbel desde o 19 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A poesía no sifate de 2004

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Foi ano de acougo editorial, con cambios pequeneiriños e algúns indicadores interesantes pero sen grandes novidades. Foi tamén para a poesía un ano luctuoso onde os haxa que estivo marcado polo pasamento de Luísa Villalta e Manuel María. Eles marcharon pero deixaron cadanseu libro a saír do prelo. *Elexías á miña vida pequeniña* (Instituto de Estudos Chairegos) recupera un caderniño inédito de 1950 que Manuel María enviou a Álvaro Cunqueiro e que se gardaba entre os papeis do mindoniense; trátase dunha edición revisada polo propio autor e reproducése o mecanoscrito orixinal. De Luísa Villalta estaba a piques de se publicar *En concreto*, o libro co que gañou o XII Espiral Maior e que marcaba unha inflexión na súa traxectoria. Nel mírase a cidade, e aínda que se recoñecen recantos e anacos da historia da Coruña, refuga o localismo e a descrición. A cidade, exposta aos catro ventos e reconstruída a través do túnel da historia, cos seus edificios e ruínas, é a materia concreta coa que se artella esta elaborada reflexión sobre os seres que a habitan.

Pero son outros os datos a ter en conta neste sifate poético anual. Para non perdernos nas restras de títulos, autores e premios, adianto unha guía co máis sobranceiro. Sen dúbida un dos indicadores de interese está na confirmación das autoras e da gramática feminista que se vén construíndo nos últimos anos, alicerzada nunha trepia ben recoñecible por quen le de xeito habitual poesía: o corpo, a revisión dos moldes formais (ruptura co verso convencional, estrutura narrativa ou arquitectónica, ficcionalización) e mais a linguaxe. Ábrese un vello novo, se cadra como contrapunto do anterior, a aparición de moitos *poetas* novos (Basilio Losada *dixit*, permítaseme a licencia con todo o respecto, para evitar rodeos). Esta novísima promoción poética, de nómina abundante e liñas diferentes, presenta os seus primeiros libros grazas aos moitos premios que gañaron máis tamén a unha decidida aposta por parte das coleccións con liña máis marcada (Di-Versos e Tambo). Trátase dos seus libros primeiros, nalgúns casos primeirizos. O caso máis rechamante é o de Brais González, que publica *Sangue sobre o silencio*, cun limiar de Antón Figueiroa, aos dezaseis anos. A idade e o feito de lermos tantos primeiros libros fai provisorio calquera pronóstico de futuro, obsérvanse, porén, tres liñas poéticas ben marcadas. A máis recorrente é a voz do

compromiso social. Se cadra velá están a resposta e mais o rastro dunha época de forte conservadurismo e importantens protestas sociais nas que o mundo das letras desenvolveu un labor moi activo. Outra máis lírica e metaliteraria, virada cara á procura do concepto moderno de beleza. E unha terceira de marcado ton culturalista que parece querer quebrar coas estéticas dominantes da promoción anterior, e que se debería entender como unha reacción literaria lóxica. Finalmente, o sifate de 2004, inclúe un interesante capítulo de non-novidades que o son. Estoume a referir a unha coidada xeira de reedicións e antoloxías, ese capítulo das producións anuais que ofrece interesantes datos sobre as intervencións no canon e as relecturas do pasado literario, que nesta ocasión fai evidente un vial aberto que vimos seguindo nos últimos anos: o interese dos editores por achegar os clásicos aos lectores actuais, ou, noutra orde temporal, achegar os poetas recentes aos lectores que non levan conta dos apeadeiros da actualidade literaria e prefiren a mediación da antoloxía e a recompilación, e aínda se len como estación de destino.

### Premios e coleccións

Os premios de maior prestixio real abundaron no recoñecemento das promocións máis novas, se é que novo nesta eira significa ter menos de corenta. Houbo, porén, este ano, unha presenza relevante dos poetas novos que, como xa adiantei, premio mediante (pero non só), publican o seu primeiro libro. Dispóñanse con paciencia, e se for mester con lapis e papel, para tirar as súas propias conclusións sobre a tipoloxía de poetas que levan premio e tamén sobre as apostas que caracterizaron cada premio.

María do Cebreiro demostrou unha vez máis a súa sólida e prolífica traxectoria no II Caixanova con *Non queres que o poema te coñeza* (Danu), nunha edición amargada pola polémica, que se superou coa solidez dunha voz madura que segue rodeiras propias. De por parte, dúas poetas que tamén desenvolven unha importante actividade musical e artística, seguiron publicando co apoio de cadanseu premio. O X Espiral Maior foi para Estibaliz Espinosa, con *número e*, e o XXIII Esquífo gañouno a tamén cantante Maite Dono co seu segundo libro en galego, *Desilencios*, onde abunda

no erotismo desde o territorio do eu, nunha liña diferente doutras máis (re)coñecidas. Pola súa banda o Lorenzo Baleirón descubría unha voz ben singular e das máis descarnadas, a de María Comeña co seu *Zoonose*; este libro engádese como elo novo ás poéticas femininas ubicadas no corpo atroz que xa descubrimos en Emma Pedreira e Lupe Gómez.

Os premios publicados este ano (concedidos, logo, en anos anteriores), descubriron sobre todo os novos *poetas*, e puntualmente recuperaron algunhas voces dos chamados 80. Algúns escritores preséntanse con premios por partida dobre. Daniel Salgado, un dos poetas máis coñecidos da súa promoción e que non hai que confundir co investigador e escritor teatral homónimo, recibiu en pouco tempo o II Uxío Novoneyra por *Sucedo* e mais o XXIV Esquífo por *Días no imperio*. Nos títulos xa se albisca a súa vontade de enxertar a poesía na realidade interpoñendo a linguaxe xornalística. Así no primeiro ofrece a crónica en presente e na segunda a súa voz comprometida configurando a xeito de calendario. Interesante proposta formal, que pode mellorar no madureiro. Tamén por partida dobre Xoán Xosé García acadaba II Afonso Eanes do Cotón con *Maio de mel ou lapa* (3C3) e o XI Espiral Maior con *In-Ventos*, con dous libros irregulares e tópicos. Tamén a esta renovación na nómina de escritores contribuíu o Miguel González Garcés, que atopou un equilibrio entre voces asentadas e voces inéditas: o premio levouno Fernán-Vello con *Capital do corpo* e o accésit foi para Noel Blanco Mourelle por *Mecánicas celestes*, outra descuberta ben interesante, cunha poética culturalista pero non barroca, madurísima e diferenciada, que abre unha rede que nos leva a moitas voces canónicas da literatura occidental; malia o distanciamento á procura da palabra poética precisa, e a tentación da gaiola dourada, é unha das voces a ter en conta. E finalmente, os accésits do XXIII e XXIV Esquífo continuaron amecendo nomes a esa longa lista dos novos: Óliver Escobar, co seu primeiro libro, *A última bengala*, e mais Carlos Penela que vai xa polo terceiro libro con *O que ardeu nos ollos*; confirmaba así o premio unha liña de potenciación dos poetas novos que caracteriza o premio nos últimos anos, sospeito que axudados por dous factores que axudan a despexar esta competencia. Por unha banda, semella como se os poetas máis maiores preferisen

os premios clásicos e mellor dotados, se cadra porque teñen máis facilidade para publicar sen precisar os certames. Por outra, conséntase unha ausencia da promoción seguinte, iso que aínda chamamos poetas dos noventa (axiña haberá que revisar as medidas de xastre, que o tempo vai pasando e a etiquetaxe carbura con dificultades). Mais aquí non conclúe a lista de certames publicados no ano: o XX Cidade de Ourense, gañouno X. C. Gómez Alfaro con *O clamor da eclípsese*, cun poemario máis no que abala e debala o desexo, e o IV Fiz Vergara Vilariño foi para *O whiskey na barrica*, un primeiro, e diferente, libro de poemas do escritor Miguel Mato Fondo.

Como dicía, confirmanse algunhas voces consolidadas e unha gramática feminista dispoñible (gramática non é igual a tendencia estética), mais o que sorprende neste repaso anual é o desembarco dos novos poetas, e mesmo sen necesidade de gañar premios. E aí están tres coleccións apostando por inéditos. A coidadísima Tambo (un acerto poñer a foto dos autores), dirixida por Rei Núñez e con portadas de Din Matamoro. Esta colección, editada pola Deputación de Pontevedra, mantén unha aposta pola poesía lírica, de esculca e procura da beleza, como se comproba nos primeiros libros de César Souto Vilanova, *Sucesos*, que opta polos poemas mínimos, e Xosé María Vila Ribadomar, *Peixes medievais*, que ofrece unha termada colección de poemas en prosa con forte pegada surrealista. No viero estético contrario a colección Di-Versos de Positivas preferiu sempre a experimentación, o compromiso e mesmo as poéticas marxinais. Este ano publica os primeiros libros de Xulio Cid Neira, cun combativo *Gasumelo* que pon o dedo, como fai Daniel Salgado ou Brai González, nas chagas dos tempos que vivimos (globalización salvaxe, agresións contra o medio ambiente e as poboacións, guerra...). Tamén nesa colección saíu un libro de Alfonso Rodríguez, *Subir ao fúiado*, un diálogo erótico gozoso e moi cotián coa compañeira tecido cos fíos da inxenuidade e a linguaxe coloquial.

Novas voces con moitos premios, e con todo e así, o modelo estendido de que as diversas administracións, especialmente os concellos, organicen os seus propios premios e homenaxeen aos seus poetas locais, acedou e se cadra o máis asisado sería non teimar máis nesta fórmula, que xa non parece a máis axeitada. Aínda que custe, cumpriría abando-

nar o minifundismo e reagrupar boa parte destes premios que a duras penas se coñecen fóra dos circuitos poéticos ou do ámbito local correspondente. Non nego que os certames poéticos cumpren unha innegable función de axudar á publicación de inéditos, e aínda máis, cos resultados deste ano comprobamos que tamén serven para dar a coñecer novos escritores, pero de pouco serve se eses premios ciscados aquí e acolá non teñen verdadeiro resón e se perden no sarillo de premios organizados por concellos que homenaxean a un coñecido poeta local (dito isto co maior respecto para organizadores e a memoria dos poetas que dan nome aos certames). E, por suposto, se resultan invisibles nas páxinas dos xornais (outra cousa é a prensa especializada, que se concentra en espazos ben marcados, e os suplementos literarios). E aquí preciso facer unha paréntese: a ausencia dos xornais no día a día da cultura galega é unha das carencias máis rechamantes, o desintese dos xornais pola cultura, a miúdo na mesma sección cás novas de sociedade, invisibiliza as iniciativas no terreo da cultura, a non ser que se trate de cultura-espectáculo, cultura-espectáculo-de-importación ou cultura de pompas fúnebres. Pero a cousa resulta moito máis grave no caso daqueles xornais que, como estratexia de fidelización, agasallan con edicións de quiosco moi económicas títulos da literatura galega e desatenden a información habitual sobre estas cuestións. Cun panorama así disposto, estes premios non espertan expectativas entre posibles lectores; non se confunda, non me refiro a unha masa lectora semellante á dos best-sellers, senón a un público que estaría disposto á lectura se o interesásemos a ler en quente, se lle explicamos as novidades, se coa invisibilidade non o animamos a agardar por fórmulas canonizadoras ou a que o paso dos anos e algún que outro mérito convirta aos poetas en señoras e señores moi respectables. Cómpre poñerlle remedio a tanta dispersión. As fórmulas dispoñibles para esta parcelaría poética son varias, pero habería que concentrar moitos deses premios menores nun único premio (ou nun feixiño pequeneiro de premios) con maior dotación económica e maior incidencia na vida literaria e social, de tal xeito que, como acontece con algúns, sexan verdadeiros fitos anuais, mesmo agardados actos literarios, que atraerían o interese dos lectores. En fin, senadores ten Roma...

## Eles, a trincheira do compromiso e o nomenclátor

Xa adiantei que apareceron os moitos primeiros libros dos moi agardados *poetas* novos abrindo dúas vías poéticas en paralelo, que, nunha brincadela rápida, poderíamos denominar *poesía de magnolias* e *poesía de pólvora*. Nalgúns casos, ademais, ensáia-se unha terceira vía, a da poesía culturalista, de profundo interese intertextual e palabra medida que le na tradición occidental. O compromiso é unha constante na maior parte destas novas escritas, e, aínda que tamén o atopamos nas poetas, semella que elas sumen a conciencia social a un territorio de compromisos varios, esculca e construción de novos repertorios. Mentres elas subvirten, constrúen e cuestionan os alicerces da súa identidade e a súa experiencia, semella que eles, os novos, apenas mostren interese por estas redefinicións, e menos desde o criterio do xénero (é dicir, non mostran evidencias de crise). Isto podería explicar a continuidade por territorios temáticos xa labrados aínda que con voces e procedementos distintos. As súas son propostas de renovación poética que apuntan maneiras mais aínda non son consistentes nin parecen responder a un programa de innovación a iso que veño explicando como delimitación dun espazo diferenciado no repertorio. E digo isto sen que vaia en demérito deses moitos primeiros títulos deles, que nos descubren voces novas, algunhas ben interesantes, e que se han confirmar nos vindeiros anos.

Se cadra a importante presenza da escrita de compromiso, que é unha resposta condicionada pola historia, podería ser, porén unha das características rechamantes desa nova poesía, de tal xeito que abriría andaina non polo eu senón polo nós. As mobilizacións *Nunca máis* e contra a guerra de Irak, estes anos de feroz conservadurismo, e en conxunto de intenso combate político en moitas fronteas, trouxeron como consecuencia unha explicitación da conciencia que desprazou a un segundo plano o lirismo e a experiencia e contivo, daquela, a tentación da escrita onanista de quen comeza. Porque, ao meu ver, este é un dos retos máis complicados para eles, escribir o desexo erótico sen que soe a mastigado. As dificultades sonlles moitas, que teñen que aquelar un espazo de seu entre un herdo demasiado marcado polas escritas masculinas ante-

riores (e pouco axeitadas para os tempos actuais), e, a poderosa diferenciación da gramática das poetas. No corpo e no desexo con ollos masculinos, sexa cal for a súa opción sexual, coído que está unha das renovacións pendentes do imaxinario poético que vén. Se cadra por iso me interesou *Capital do corpo* de Fernán-Vello, un libro asombrado polo resón de *Territorio da desaparición* (Galaxia). Se no segundo ofrece unha lectura épica que terma dos ritmos e da ética do territorio da patria (a casa, o territorio, os excluídos... o nós), que gustou a unha grande maioría, o primeiro ofrece un exercicio de superación das miradas obxectuais e mesmo da propia linguaxe do desexo masculino, mesmo da que el mesmo foi escribindo nalgúns dos seus libros. O reto e acerto deste libro consiste no regreso a un suxeito masculino, corpóreo e desexante que non soe reseso, que non renxa polos tópicos e que se sinta auténtico na lectura.

Mais volvamos ao compromiso. Neste ano atopamos moitas referencias ao desastre do Prestige en poetas de todas as idades (alguén debería ir abrindo esa colección literaria, que son moitos os textos sobre este tema). Mesmo o infatigable Bernardino Graña, que reaparece cun libro vital, *Sen sombra e sen amor* (Galaxia), inclúe entre os seus primeiros textos un poema de arrecendo neotrobadoresco que está entre os máis líricos que se levan lido sobre o chapapote. Nesta nova entrega mostra unha voz madura, lúcida e lúdica na que sobrancea a oralidade mediante recursos de distinto estilo (enumeración, disposición versal, xogos tipográficos...) de tal maneira que na lectura os poemas semellan partituras poéticas. Fronte a este vitalismo, a lírica ortoniza da última entrega de Álvarez Torneiro, *Setembro Stradivarius* (Tambo), un repaso existencial escrito á procura da palabra precisa nun versos de liña clara (o verso que ilumina).

Por diferentes camiños houbo varios escritores que cadraron na necesidade do nomenclátor, dos nomes propios. Miguel-Anxo Murado reaparece na poesía con *Lapidario* (Xerais), no que agranda o inventario, xa extenso, de epitafios poéticos de escritores e intelectuais. Fronte ao recurso habitual da elexía, acerta Murado ao interpoñer maior distancia e menos evocación, polo que o resultado resulta divertido e ilustrativo. Cesáreo Sánchez Iglesias en *Variacións Nube* (A Nosa Terra) opta pola lectura interdisciplinar con esta pinacoteca lírica

persoal formada por unha colección amplísima de cadros-poemas artellada sobre a dialéctica texto-lectura que se adentra na subxectividade pero dá pé a interesantes sorpresas na interpretación. Tamén reaparece Xavier Seoane en *Vagar de amor e sombra* (Tambo), un libro no que demostra ser un dos poucos que persevera no soneto e na evocación de temas permanentes como a infancia, o eros e o tempo, e que dedica a parte final do libro a homenaxear a artistas e poetas, entre eles os amigos Manuel María e Luisa Villalta. Mais, deste feixe de autores, se cadra o que máis sorprendeu foi Miguel Mato Fondo, que se descobre na poesía co seu *O whiskey na barricada*. Nese libro tira o mellor da súa adegada poética cun repaso aos poetas que o marcaron e algúns colegas de xeración, ofrece unha colección con arrecendo a poético pub galego-irlandés. É un libro moi xeracional en moitos sentidos, polas homenaxes, as ambientacións e as redes de complicidade que podería gañar novos lectores. Moito máis político, Claudio Rodríguez Fer descobre o seu alento máis combativo en *A loita continúa* (Xerais). Nel fai memoria das atrocidades da guerra e a represión franquista ofrecendo ao tempo unha crónica histórica e persoal; o libro complétase coa nómina de dictadores que percorren o século XX para pór en evidencias as moitas atrocidades e liberdades mancadas no século que se pecha. Finalmente cómpre citar outro libro que tamén poderíamos incorporar a este inventario. Neira Vilas no seu *Dende Gres* (Espiral Maior) vai da xeografía evocativa do territorio vital á homenaxe ás elxías do final do libro.

Pero non todo foron na escrita deles compromiso co real nin coleccionismo de persoas e personaxes. Tamén a viaxe, esa constantes literaria recorrente, abrolla nesta ocasión da man de García Teijeiro, en *Polo camiño do incerto* (Do Castro), unha sorte de relato existencial do vello camiñante que observa os males do seu tempo: tamén aquí hai pegadas de poesía de combate no reconto dos territorios arrasados a finais do s. XX. Nun ton máis mítico e erótico e cun alento misóxino, como nos clásicos nos que bebe, publica Xesús Franco *Atlántico, Atlántico* (Tambo), unha reescritura libre do Ulises mariñeiro; igual que fixemos coas Penélopes, poderíase abrir estoutra colección coas súas reescrituras de Odiseo, que tamén reivindica, iso si, como representación política, Rodríguez Fer na súa res-

posta ao poema de Díaz Castro que se inclúe no seu libro.

### Elas, confirmación da gramática diferenciada

Como dixemos, este ano demostrou a consolidación da denvadita *gramática* feminista, coa madurez literaria dalgunhas autoras das recentes fornadas, xogando a explicarse na parodia, estirar os límites da linguaxe e materializar no corpo a identidade sexuada. Os premios importantes, porén, tamén foron para autores xa coñecidos aínda que podemos consideralos tamén novos, porque a súa traxectoria é breve. María do Cebreiro en *Non queres que o poema te coñeza* (Danu), marca unha inflexión na súa traxectoria. Descóbrese o alento firme que madurecía por baixo a cobertura de poeta lúdica da súa obra anterior e con el adentrámonos nos territorios do eu ferido, o que se sitúa nos desertos, pero tamén é unha galería de figuras femininas, e de reflexións sobre o corpo e a linguaxe, confirmando, ademais, que a súa é unha desas voces firmes da escrita feminista galega que muda o imaxinario galego no seu conxunto. Estíbaliz Espinosa, con *número e*, abunda nun camiño pouco explorado, aínda que conta con precedentes. Neste poemario de resultado desigual, experimenta coas identidades, introduce o ciborg (que xa aparecera, por exemplo, en *m-Talá*), procura a abstracción desde o coloquial e coquetea cunha ficcionalización do eu feminino que nos leva ás veces polos camiños do desdoblamento/distanciamento da subxectividade que practicou Yolanda Castaño no seu último libro. *Número e* non se pode entender se non se entra no xogo interdiscursivo, pois nel conflúen poesía e matemáticas á procura dunha nova linguaxe, e del deberían saír novas vías para entender o suxeito. O XVI Lorenzo Baleirón cumpriu cun dos obxectivos dos premios, descubrir libros novos e —se é posible— escritores novos, e nesta edición, a galarxada foi María Comesaña, con *Zoonose* (Do Castro), un libro teimudamente situado no eu e o seu continente (“o meu corpo non é eu”), cunha mirada case animalizada, non en van o título remite ao contaxio de doenzas dos animais aos seres humanos. A poesía de María Comesaña entra dentro desa poesía da corporeidade libre e atroz que atopamos en Lupe Gómez ou Emma Pedreira.

O corpo é tamén o eixe dun dos libros máis sorprendentes do ano. *Contra Rochester* (Xerais) é o título co que Miriam Sánchez Moreiras se estrea na poesía galega e vén a ser a resposta das Jane Eyre á construción patriarcal da identidade feminina mais tamén contra o sentimentalismo por iso os poemas do libro, brevísimos, se articula en dous eixos: na parte superior da páxina a parte lírica, e a rodapé, o comentario poético. O corpo e o erotismo son unha constante na obra de Olga Novo, que n' *A cousa vermella* (Espiral Maior), recupera algúns textos publicados en revistas e, sobre todo, sorprende pola súa madurez. Se coa serie "Amar é unha india" e "Magnalia" levaba a súa concepción do erótico deica o matérico, con "Vilarmao" e o seu regreso á casa matriz, onde se descubren novos camiños na súa poética, confirmándose como unha das poetas de referencia. En certo senso podemos entender este libro como unha encrucillada onde converxen as distintas rodeiras.

Outra das poetas máis controvertidas desta promoción, pola súa poética reiterativa e un imaxinario propio mais recorrente, é Lupe Gómez, que este ano regresa con dous libros. Quen siga a súa obra apreciará que dalgún xeito semella que marquen un cambio de etapa, pois se *Levantar as tetas* (Espiral Maior) continúa na liña de poemas breves coma sentencias, o seu outro libro, de distribución máis reducida, *A vida* (Concello de Santiago) descóbrenos unha poética polifónica no que permanece esa liña de poesía testemuñal coa propia Lupe convertida en personaxe central, mais que ofrece tamén unha mirada cara ao exterior se interesa pola experiencia de mulleres normais que relatan anaquiños das súas vidas como monólogos poéticos. Dentro e fóra, mais coído que este é un dos seus libros fundamentais, pois serve para entender o imaxinario tan persoal e característico da poeta dunha maneira menos lacónica. Reaparece Chus Pato, que marcara un fito con *m-Talá*, abundando nun camiño de experimentación e estiramento da linguaxe e os xéneros que se no seu anterior libro fascinou neste abriu novos interrogantes. *Charenton* (Xerais), que no título fai referencia a un famoso manicomio de París onde se aloxan algúns importantes escritores, procura de maneira consciente a infracción do real normativo para procurar, a través da linguaxe precisa, a insurxencia contra toda imposición; ademais, como é norma na súa poética, trátase dun

libro político no que se interroga sobre as identidades, sobre os relatos que nos constrúen e limitan, sobre a necesidade de desmontar as verdades tidas por obxectivas (hai aquí un duro ataque contra o discurso científico). O libro foi obxecto de moitos comentarios, porque alanca un paso máis na destrución das convencións formais e de enunciación da poesía. Chus Pato nunca deixa indiferente e abre un camiño teórico-poético provocativo, e decisivo.

Xa que logo, neste ano, confirmación de escritoras e dunha gramática feminista, aínda que sexa diverxentes as poéticas e os posicionamentos ideolóxicos.

### Reedicións interesantes e antoloxías

Houbo interese, este ano, por reunir a obra poética de escritoras galegas fundamentais. Luz Pozo Garza, que o ano anterior publicara un libro inédito, reuniu toda a súa obra deica 2004 en *Memo-ria solar* (Linteo), con limiar de Carmen Blanco, que ten o interese engadido de recoller os seus moitos poemas dispersos. O mesmo fai María Xosé Queizán en *Non o abras como unha flor* (Xerais), prologado por Mónica Bar, que recolle, entre outros, unha interesante serie de poemas de homenaxe. De por parte Luciano Rodríguez (Danu, col. Arte de Trobar) preparou unha ampla escolma da obra de Xohana Torres en *Poesía reunida* (1957-2001), revisada pola autora, que se completa con poemas non recollidos en libro pero tan interesantes como "Ofelia" e "Sibila en Ribadavia", ademais dalgún poema de mocidade que non se publicara en libro.

Entre os títulos que regresan, un dos máis coñecidos é o emblemático *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, que Xerais recuperou en edición singular para comezar a conmemoración dos 25 anos da creación da editora. Case trinta anos despois reaparece cun formato ben diferente e ilustrada por Sucasas. *¿Ubi sunt* os tempos nos que non había ningunha editora, máis que Rompente, que puidese asumir ese libro? Aquel poemario rebelde en edición rudimentaria, impresa en papel de estraza e tinta violeta, revísase agora cun deseño absolutamente clásico e un colofón que fai conto saudoso do comunismo e o poema/canción comprometido (Georges Brassens, Jack Kerouak e Janis Joplin). Preséntase, logo, como un clásico contemporáneo e cun discurso que segue vivo.

A mesma editorial continuou coa súa liña de recuperación en dúas coleccións diferentes. As edicións críticas da obra poética de Cribeiro, a cargo de Miro Villar, cun documentadísimo limiar que entra en detalle na biografía do poeta e a súa xeración, e mais o *Viaxe ao País dos Ananos* de Celso Emilio, cun limiar de Alonso Montero e edición crítica de Armando Requeixo. Sorprende, iso si, que esta última se publicase case ao tempo cá *Poesía galega completa*, cadrando cos vinte e cinco anos do pasamento do celanovés, a cargo toda ela de Ramón Nicolás, que tivo que resolver os moitos atrancos ecdóticos que presenta a obra de Celso Emilio. Esta última ten o interese de reproducir os limiares dos poemarios e respecta a ortografía orixinal.

A colección Dombate de Galaxia acertou este ano na alternancia de inéditos e reedicións e rescatou para os lectores dous libros intersantes: *Fou-las*, o libro menos lido de Manuel Antonio, e mais *A illa das mulleres loucas* de Pexegueiro, que se publica por primeira vez só en galego (a primeira edición fora en galego-catalán). O libro acompaña-se cun CD coidadísimo. Pexegueiro, que sempre concibiu este libro dun xeito dramático, recita unha ampla escolma do libro acompañado pola música, composta a partir dos versos, de Anxo Pintos e Quico Comesaña, aínda que con anterioridade xa houbera tentativas musicais e escénicas con Enrique Macías e o dramaturgo Xavier Albertí. Recoméndase escoitalo, pois pode dar moita claves para a lectura.

No capítulo de textos recuperados cómpre citar, ademais, a edición de dous libros escritos en América: *Cadernos poéticos dun emigrante galego en Cuba* (Do Castro), que descubren un poeta descoñecido ata o momento, editado por X. L. García, e mais a reedición de *Queixas* (Toxosoutos), colección de poemas galegos de Áurea Lorenzo publicado na Arxentina en 1943 e editado por Aurora Marco precedido por unha necesaria biografía. Así mesmo publicáronse dúas antoloxías ben diferentes, unha bilingüe (galego-ruso) da poesía de autoría feminina preparada por Elena Zernova (Universidade de San Petersburgo) e mais outra sensibleira e discutible de Maximino Cacheiro, que recolle poemas de amor de Luz Pozo, Pura Vázquez e M.<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg (Tórculo).

O libro en edición popular como estratexia de fidelización de lectores dun xornal volveu converter-

se nun dinamizador das reedicións, e non só. O Grupo Correo Gallego e mais o Concello de Santiago optaron por abundar na idea de Compostela como territorio literario (unha idea magnífica que pode dar pé a novas formas de comprensión e mobilidade pola cidade, como as rotas literarias). A iniciativa ten o engado de que, ao tempo, achega a poesía a lectores non especializados. A colección “Poeta en Compostela” abriuse no outono de 2004 cos *Poemas a Compostela* de Manuel María, un libro marcado pola emoción do pasamento recente do chairego, ao que lle seguiron reedicións dos títulos composteláns de Marta Dacosta, García-Bodaño (que publicou tamén una escolma de elexías baixo o título *Cantos da ausencia* n’A Nosa Terra), da parella de poetas Xesús Rábade e Helena Villar, e mais *No ventre da balea* de Rafa Villar, unha escolla persoal dos seus poemas virados ao mar. Catro son os aspectos que singularizan e melloran esta iniciativa fronte outras semellantes: un ritmo de publicación vagaroso (un ao mes), que se arrequenta cun acto de presentación de todos os libros; a publicación tanto de libros situados en Compostela como de autores composteláns, co que se evitan as pexas dunha liña localista; arrequéntanse os libros con dous limiariños encargados *ex profeso*, un biográfico e outro de presentación do libro; e, o máis interesante, inclúense tanto títulos publicados como textos inéditos. Desta colección cumprirá falar outra vez o ano vindeiro.

O capítulo das antoloxías resultou polémico, como adoita pasar. O infatigable Luciano Rodríguez publica *Poetas galegos do século XX* (Espiral Maior), onde antologa trinta e oito autores desde Noriega Varela a Manuel Forcadela. Resulta rechamante, porén, que non se expoñan os criterios seguidos para facer a selección e a ausencia dos denominados poetas dos 90, xa que contradí as palabras con que abre o limiar: “ofrecer unha lectura da poesía galega escrita durante o século pasado, mais tamén amosar liñas de continuidade que seguen a ser activas nestes comezo do novo século”. De por parte, Arturo Casas é o editor da *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000* (Tris Tram), unha iniciativa sen precedentes, resultado dun proceso de elaboración extraordinariamente laborioso no que tiveron oportunidade de participar autores, críticos, etc. Os resultados son interesantes e sorprendentes, xa que abren moitas preguntas sobre os



critérios que empregamos para a canonización inmediata, a influencia ou non dos grupos (ou xeracións, ou promocións), e, por suposto, ofrece unha guía para calibrar a recepción de toda a poesía publicada nese período. Se a selección de autores se fixo a partir das consultas a todas as instancias que participan de maneira directa na poesía, a decisión dos textos e autopoéticas debeuse aos propios poetas, sempre que foi posible.

Pola súa banda Galeusca publicou unha *Antoloxía poética* (Pamiela) trilingüe que ten máis valor testemuñal que eficacia para chegar aos lectores, pero pon o dedo na chaga das dificultades que temos para coñecer a poesía que se escribe nas literaturas achegadas. E por aquí, insisto en que deberíamos axudarnos da rede, un soporte que temos infrautilizado e que é a nosa maneira máis eficaz de darnos a coñecer, de chegar aos lectores que non poden ou non queren ir ao libro pero len nun soporte máis doado.

## Cabo

A panorámica deste ano, mostra un aluvión de novas voces masculinas potenciada por premios e coleccións ás que damos a benvida. Mais o reto, como pasou coas mulleres, non é o número, que nestes últimos anos elas seguiron sendo menos pero

máis innovadoras. O importante é o calado da proposta literaria porque o reto non é a publicación senón o programa e os resultados poéticos. Lemos este ano moitos primeiros libros de voces que teñen que madurecer e ofrecer en vindeiras entregas poéticas diferenciadas e verdadeiramente innovadoras. E a escrita das mulleres pode servir como modelo: trátase de revirarse contra o herdo e aquelar novos territorios poéticos. Esta foi a receita que viñeron practicando elas. O que non vai servir é a continuidade dos programas abertos. Prefírase, pola contra, un saudable exercicio de distanciamento.

Pero moito máis importante que estas vaguidades estéticas ou o falso conflito sobre a moda de mulleres lida do revés, é, ao meu ver, a cuestión editorial. Pasados os peores momentos da crise, con coleccións que publican con normalidade sen precisar dun premio, como xa dixen, é o momento de redebuxar o mapa de premios, trocando o panorama actual pola calidade e o interese de premios importantes e con relevo na vida literaria. Esta idea, que vén defendendo desde hai anos Dolores Vila-vedra, xa se pode poñer en práctica porque, como digo, si que hai espazos para a publicación, tanto nas coleccións en papel, con liñas tan diferentes entre elas, que ningunha tendencia queda excluída. E logo, ademais, quedan as editoras virtuais (agardo que teñan unha longa e proveitosa traxectoria) ■